

segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2006.

P.E. (Orde do 29-3-2006)

Gumersindo Guinarte Cabada
Secretario xeral da Presidencia

ANEXO I

Apelidos e nome: Gómez Apesteguía, José Miguel.
NRP: 5080887813 A205H.

Grupo: B.

Denominación do posto de traballo: servizo de televisión e radiodifusión.

Código: PR.302.00.001.15770.015.

Corpo/escala: xeral/especial.

Nivel: 28.

Dependencia: Secretaría Xeral de Comunicación (Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual).

Localidade: Santiago de Compostela (A Coruña).

Resolución do 20 de decembro de 2006, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), escala de subinspectores de consumo, convocado pola Orde do 26 de decembro de 2005 (Diario Oficial de Galicia número 5, do 9 de xaneiro de 2006), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do segundo exercicio da fase de oposición.

En sesión que tivo lugar o día 20 de decembro de 2006, o tribunal designado pola Orde do 30 de abril de 2006 (modificada polas ordes do 12 de xullo, 19 de setembro e 2 de outubro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), escala de subinspectores de consumo, acordou, de conformidade co disposto na base II.3.7 da convocatoria, que o segundo exercicio da fase de oposición se realice o día 20 de xaneiro de 2007, nas aulas nº 5 e 6 da Escola Galega de Administración Pública, en Santiago de Compostela, en chamamento único que se iniciará ás 10.00 horas.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Non se permitirá na aula onde se realice o exercicio, o acceso e a tenza de teléfonos móbiles, axendas electrónicas e calquera outro material ou instrumento do cal se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2006.

Fernando Jorge Mora
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 14 de decembro de 2006 pola que se convoca o terceiro procedemento de integración voluntaria no réxime estatutario para o persoal funcionario e laboral dos hospitais dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Como consecuencia da asunción por parte da Administración autonómica galega da asistencia sanitaria dos centros transferidos doutras administracións que pasaron a integrarse na rede sanitaria propia do Sergas, nas súas institucións sanitarias convive o persoal estatutario, xunto co funcionario e o laboral. A diferente regulación de cada un destes colectivos deu lugar a dificultades na xestión e na organización do traballo que conduciron a impulsar a necesaria integración deses profesionais no réxime estatutario, na procura da pacífica convivencia conxugada coa organización do traballo.

O Decreto 447/1996, do 26 de decembro (DOG nº 3, do 7 de xaneiro de 1997) regula as bases para homologación e integración no réxime estatutario do persoal funcional e laboral dos centros transferidos, facultando a Consellería de Sanidade para adoptar as medidas de desenvolvemento e execución necesarias. Neste sentido efectuáronse dúas convocatorias de integración en cada centro transferido, en que voluntariamente participaron os profesionais interesados, optando os demais por permanecer no réxime xurídico orixinario.

No acordo de mellora retributiva e profesional do 1 de outubro de 2003 (DOG nº 232, do 28 de novembro) prevese a convocatoria con carácter anual da apertura de prazos de opción de integración no réxime estatutario en idénticas condicións á primeira oferta realizada polo Sergas.

Pola súa banda, a Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia (DOG nº 246, do 19 de decembro), vén recoller no seu artigo 55.4º a promoción das medidas necesarias para a integración progresiva nun réxime xurídico común de todo o persoal que presta servizos no Sergas, como un dos principios xerais en materia de persoal, que se concreta aínda máis no artigo 56, cando no seu punto 3, establece o réxime estatutario como o aplicable con carácter xeral ao persoal do organismo, e ao mesmo tempo faculta de xeito expreso a Administración sanitaria galega para establecer os procedementos que habiliten a progresiva homologación e integración do persoal funcionario e laboral.

A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde (BOE nº 301, do 17 de decembro), na súa disposición adicional quinta, establece que co obxecto de homoxeneizar as relacións de emprego do persoal de cada un dos centros, institucións, ou servizos de saúde, e co fin de mellorar a eficacia na xestión, as administracións sanitarias públicas poderán esta-

blecer procedementos para a integración directa, con carácter voluntario, na condición de persoal estatutario.

As disposicións contidas nesta norma foron obxecto de negociación na Mesa sectorial de persoal das institucións sanitarias do Sergas do 18 de xullo de 2006.

Na súa virtude, de acordo co anterior, e para a súa efectividade, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. O persoal funcionario e/ou laboral fixo dependente dos centros de xestión de atención especializada do Sergas (relacionados no anexo I desta orde), a que se refire o artigo 1 do Decreto 447/1996, do 26 de decembro, poderán solicitar a homologación e integración no réxime estatutario regulado polo Estatuto marco aprobado pola Lei 55/2003, do 16 de decembro, nos termos e condicións que se establecen na presente norma, sempre que reúna os requisitos de titulación exixidos pola lexislación vixente, e que, á súa entrada en vigor se encontren nalgúns dos supostos recollidos no parágrafo seguinte:

Requisitos de acceso:

- a) En situación de servizo activo.
- b) En situación que implique a suspensión na relación de servizos laboral ou funcional, con reserva de posto de traballo, por algunha das causas establecidas na lexislación vixente, así como en situación de servizos especiais, no caso de persoal funcionario.
- c) En situación de excedencia voluntaria, sempre que non transcorrese o tempo máximo desa excedencia previsto legalmente para cada caso. Neste suposto a integración efectuarase na situación de excedencia voluntaria e a posterior situación de servizo activo obterase de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Sergas (DOG nº 145, do 29 de xullo). A opción de integración podería formularse no momento de solicitar o reingresso ou no prazo previsto nesta norma para o exercicio da opción.

2. Non poderá exercer o dereito de opción o persoal con vínculo temporal, de carácter funcional ou laboral, calquera que sexan as características de tal vínculo.

Artigo 2º.-Categorías homologables.

1. O persoal que exerza o dereito de opción integrarase nas categorías básicas do réxime estatutario que corresponda, segundo as características das prazas orixinaria e estatutaria de referencia.

Para tal efecto, será de aplicación a táboa de homologacións que figura no anexo I desta orde, na cal se relacionan as categorías funcionariais e laborais susceptibles de integracións e as correlativas estatutarias.

2. Porén, expedirase, no momento en que se resolva a solicitude de homologación e integración, un nomeamento adicional ao persoal que desempeñe postos de traballo de xefatura adquiridos en virtude dun concurso ou libre designación, no posto equivalente de carácter estatutario. Este nomeamento poderá ser definitivo, se o orixinario tiña tal condición por ser obtido mediante concurso ou concurso-oposición, ou ben provisional, se aquel foi expedido en virtude do sistema de libre designación.

Artigo 3º.-Efectos.

1. Ao persoal que resulte integrado aplicaráselle para todos os efectos o réxime económico e xurídico propio da categoría estatutaria en que se integre, e a súa prestación de servizos adecuarase á estrutura asistencial das institucións sanitarias do Sergas.

2. Ao persoal que resulte integrado no réxime estatutario, respectaráselle, para todos os efectos, a antigüidade que teña á entrada en vigor da presente orde, aínda que os trienios que se lle recoñezan con posterioridade á data en que teña efectividade a integración serano de acordo co previsto na disposición 2ª.2 do Real decreto 3/1987, do 11 de setembro, e normativa de desenvolvemento aplicable.

3. O persoal funcionario ou laboral que se integre no réxime estatutario será declarado na situación de excedencia voluntaria por incompatibilidade no seu corpo, escala e/ou categoría de orixe.

Artigo 4º.-Complemento persoal transitorio.

1. Ao persoal que, tendo efectuada a opción de integración, percibise retribucións superiores ás correspondentes á categoría de homologación no Sergas, recoñeceráselle un complemento persoal e transitorio consistente na diferenza de retribucións. O citado complemento será absorbido por calquera mellora retributiva que se produza neste exercicio ou posteriores, incluídas as derivadas de cambio de posto de traballo ou categoría, de acordo coa normativa orzamentaria.

2. Para o cálculo do complemento persoal transitorio, non se terán en conta as cantidades percibidas en concepto de atención continuada, complemento de nocturnidade, complemento de perigosidade, penosidade ou toxicidade, e realización de horas extraordinarias, así como calquera outro equiparable, nin as cantidades que en concepto de antigüidade teñan recoñecidas, ata a data en que remate o prazo de presentación das instancias para o exercicio da opción de integración.

3. Non se procederá a recoñecer ningún complemento persoal transitorio ao persoal do Hospital Santa María Nai de Ourense que por aplicación do acordo entre a Administración sanitaria e os representantes dos traballadores, publicado por Resolución conxunta do 29 de xullo de 1994, xa lle foron recoñecidos complementos persoais transitorios para a súa equiparación ao persoal estatutario do Sergas. Tampouco se recoñecerá o dito complemento ao per-

soal que en virtude do mesmo acordo pasou, despois de terse adoptado este, a prestar servizos no mesmo centro coas mesmas condicións retributivas que o persoal estatutario.

Artigo 5º.-Efectos da non-integración.

1. Ao persoal que non exerza a opción de integración no réxime estatutario respectaráselle o réxime económico e xurídico que derive da súa situación de orixe, tanto funcional como laboral de remisión, coa dependencia orgánica e funcional do Sergas, de acordo co establecido no artigo 9 do Decreto 447/1996, do 26 de decembro.

2. Respecto das lagoas que se produzan na regulación dos colectivos funcional e laboral, aplícarase por analogía a normativa da categoría estatutaria equiparable.

3. A prestación de servizos deste persoal non integrado adaptarase ás características de funcionamento das institucións sanitarias do Sergas, de forma que se integrará e adaptará na estrutura e organización de traballo dos centros sanitarios, debidamente coonestado co resto do persoal destes.

Artigo 6º.-Exercicio do dereito de opción.

1. Prazos.

Sen prexuízo do establecido no inciso derradeiro do artigo 1º, o exercicio da opción de integración deberá realizarse con carácter individual, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da entrada en vigor desta orde, segundo modelo de instancia que se xunta como anexo II.

Os que non formulen opción expresa de integración entenderase que optan por non integrarse no réxime estatutario, coas consecuencias que se establecen no artigo 5º.

2. Procedemento.

As solicitudes, debidamente dilixenciadas pola dirección do centro, dirixiranse á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Sergas, e poderán ser presentadas nas oficinas de rexistro dos respectivos centros hospitalarios ou nas direccións provinciais do Sergas, sen prexuízo de que tamén poidan presentarse por calquera das formas establecidas na Lei 30/1992, do 26 de decembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Documentación.

O persoal que efectúe a opción de integración achegará, xunto coa súa solicitude, a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada da titulación académica ou, de ser o caso, do libro de escolaridade.

b) O persoal médico achegará, así mesmo, fotocopia compulsada do título de especialista que posúa e/ou que o habilite para exercer a praza que vén desempeñando.

c) Certificado oficial acreditativo do centro onde presta servizos, categoría profesional, natureza funcional ou laboral do vínculo, así como do carácter de persoal fixo.

Artigo 7º.-Resolución.

As solicitudes serán resoltas pola División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Sergas no prazo máximo de dous meses desde que remate a presentación de instancias para formular a opción de integración. As resolucións expresarán os recursos que contra elas procedan; órgano ante o que deberán de presentarse e prazo para a súa interposición.

O anteriormente exposto enténdese sen prexuízo do disposto no parágrafo 1 c) do artigo 1º desta orde.

Disposicións adicionais

Primeira.-De acordo co establecido na disposición transitoria segunda da Orde do 26 de decembro de 1986 e na disposición adicional segunda do Decreto 447/1996, ao persoal que opte á integración na categoría de técnico en cuidados auxiliares de enfermaría non lle será exixido o título de formación profesional de primeiro grao, rama sanitaria, para integrarse na devandita categoría, sempre que á súa entrada en vigor se atopase prestando servizos en prazas desa categoría que resulten debidamente acreditados. Para tal fin, o centro hospitalario expedirá certificación de servizos prestados.

Segunda.-Os postos de traballo de orixe do persoal que opte pola súa integración no réxime estatutario consideraranse amortizados e reconvertidos nos correspondentes estatutarios que determina, para cada caso, a táboa de homologacións que se inclúe no anexo I desta orde.

As vacantes que se produzan de persoal laboral ou funcionario que non se integre no réxime estatutario e que non estean afectadas polas situacións previstas no artigo 1º.1 b) desta disposición, declararase a extinguir para a súa amortización ou, de ser o caso, substitución por prazas de persoal estatutario do Sergas.

Os postos de traballo vacantes ocupados polo persoal do artigo 1º.2 desta norma consideraranse amortizados e reconvertidos en prazas de persoal estatutario, polo que o persoal que os ocupa cesará, na data en que teña efectividade a integración, no seu desempeño.

Porén o anterior, con efectos do día seguinte ao do cesamento, expediráselles un nomeamento ou formalizáselles un contrato, segundo corresponda, para ocupar co mesmo carácter a correspondente praza de persoal estatutario.

Terceira.-Con respecto ao complemento PRD por traballo a quendas do persoal sanitario non facultativo e do persoal de xestión e servizos, incluírase entre as retribucións correspondentes á categoría de

homologación para os efectos da determinación do complemento persoal e transitorio a que fai referencia o artigo 4º desta disposición.

A consideración deste complemento no cálculo do complemento persoal e transitorio practícarase sobre a asignación da contía correspondente á modalidade de traballo por quendas que corresponda ao posto de traballo de homologación, segundo a configuración que daquel se fai no punto 1.1. do Acordo de concertación social sobre retribucións e condicións de traballo do persoal sanitario non facultativo e persoal non sanitario do Sergas (DOG nº 5, do 19 de marzo de 2001) publicado por resolución conxunta da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e da División de Recursos Humanos do Sergas.

No suposto de producirse posteriormente á integración unha alteración no réxime de prestación de servizos do posto de traballo que determina a variación estable do réxime de traballo por quendas tomado en consideración para o cálculo do complemento persoal e transitorio, procederáse á revisión do devandito complemento para reflectir nel a nova modalidade de quendas que pase a resultarlle de aplicación.

Cuarta.-No que respecta ao persoal das categorías en que a integración, segundo consta no anexo I, poida efectuarse en varias categorías estatutarias, a integración realizarase segundo sexan as funcións que veñan realizando de xeito estable e regular na organización de traballo do centro e que resulten debidamente acreditadas mediante certificación expedida pola dirección deste.

En todo caso, será condición imprescindible reunir os requisitos de titulación exixidos pola lexislación vixente para cada categoría de integración, sen menoscabo do establecido na disposición adicional primeira desta orde.

Quinta.-Persoal en expectativa de obter o título da especialidade.

O persoal suxeito a réximes transitorios de obtención do título da especialidade, que na data de publicación da presente orde non estivese en posesión deste, e aquel persoal que posúa unha titulación respecto da cal aínda non estivese desenvolvida a regulamentación das súas especialidades, homologarase á categoría estatutaria de persoal técnico titulado superior que corresponda, sen prexuízo da súa posterior integración como facultativo especialista de área no momento en que, consonte o réxime transitorio da normativa de desenvolvemento das especialidades respectivas, obteña a devandita titulación, e sempre que a dita normativa preveña a integración á citada categoría.

A dita integración realizarase logo de solicitude do interesado, só e exclusivamente, desde a praza en que se produciu a homologación ao réxime xurídico de persoal estatutario de conformidade co disposto na presente orde.

Sexta.-Acceso ao réxime extraordinario de carreira profesional do persoal diplomado sanitario que resulte integrado no réxime estatutario.

En cumprimento do previsto na cláusula adicional cuarta do réxime extraordinario de acceso á carreira profesional regulado no Acordo do 4 de xullo de 2006 (DOG nº 155, do 11 de agosto), o persoal con vínculo de fixeza que opte pola integración e resulte integrado no réxime estatutario, nas correspondentes categorías de diplomados sanitarios, accederá ao dito réxime nas mesmas condicións que o persoal estatutario.

Para tales efectos deberá presentar a súa solicitude de conformidade co previsto na Resolución da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, do 31 de xullo de 2006 (DOG nº 155, do 11 de agosto), pola que se inicia o procedemento para o recoñecemento do grao I de desenvolvemento profesional das categorías de diplomados sanitarios do Servizo Galego de Saúde, achegando a documentación requirida nela.

O prazo para presentar esta solicitude será o establecido no artigo 6º desta orde para exercer o dereito de opción de integración no réxime estatutario.

Disposición transitoria

Única.-O persoal facultativo que se integre no réxime estatutario fará no momento da integración a opción polo réxime de dedicación normal ou de dedicación exclusiva ao sector público sanitario coa conseguinte renuncia ou solicitude de percepción do complemento específico, segundo o previsto no Decreto 11/1995, do 20 de xaneiro, polo que se regula o réxime de percepción do complemento específico para o persoal estatutario do Sergas e se establecen os prazos para formular solicitudes e renuncias.

A mentada opción resolverase, conxuntamente, coa solicitude de integración, no prazo establecido nesta norma.

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2006.

Mª José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

ANEXO I

Complexo Hospitalario Juan Canalejo.
Código: 1501.

Denominación	Categoría básica de homologación
Posto base grupo B	Diplomado en enfermaría
Posto base grupo E	Celador
Asistente social USM	Traballador social
Asistente social COF	Traballador social

Denominación	Categoría básica de homologación
Auxiliar sanitario	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Cociñeiro	Cociñeiro

Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide.
Código: 1505.

Denominación	Categoría básica de homologación
Xefe de grupo	Grupo auxiliar da función administrativa
Posto base grupo E	Celador
Limpador	Limpador

Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.
Código: 1571.

Denominación	Categoría básica de homologación
Posto base grupo A	Facultativo especialista de área
Posto base grupo B	Diplomado en enfermería
Operador entrada de datos	Grupo auxiliar da función administrativa
Posto base grupo D	Grupo auxiliar da función administrativa
Posto base grupo E	Celador
Xefe de servizo	Facultativo especialista de área
Médico adxunto	Facultativo especialista de área
Médico especialista	Facultativo especialista de área
Administrativo	Grupo administrativo
Auxiliar administrativo	Grupo auxiliar da función administrativa
Axudante sanitario	Celador
Axudante sanitario	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Cociñeiro	Cociñeiro
Xefe de servizo CC/90	Facultativo especialista de área
Supervisor xeral enfermería	Diplomado en enfermería
ATS	Diplomado en enfermería
Enxeñeiro técnico	Enxeñeiro técnico
Asistente social	Traballador social
Xefe de negociado	Grupo administrativo
Encargado de unidade	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Oficial administrativo 1	Grupo administrativo
Encargado xefe de cociña	Cociñeiro
Auxiliar psiquiátrico	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería (en funcións de saúde mental)
Monitor laborterapia	Monitor
Auxiliar administrativo con HE	Grupo auxiliar da función administrativa
Porteiro CC/90	Celador
Garda porteiro	Celador
Camareiro de bar	Celador
Telefonista	Telefonista
Costureiro	Costureiro
Fontaneiro	Fontaneiro
Albanel	Albanel
Perruqueiro	Perruqueiro
Peón cristaleiro-pintor	Pintor
Axudante de limpeza sen HE	Limpador
Auxiliar de cociña	Pinche
Axudante de almacén	Celador
Axudante de lavandaría	Lavandeiro
Axudante técnico laboratorio	Técnico especialista en laboratorio de diagnóstico clínico
Oficial laboratorio	Técnico especialista en laboratorio de diagnóstico clínico
Limpador	Limpador

Denominación	Categoría básica de homologación
Médico especialista	Facultativo especialista de área
Técnico admón. xeral	Grupo técnico da función administrativa
Supervisor xeral	Diplomado en enfermería
Asistente social	Traballador social
Mestre cociñeiro	Cociñeiro
Técnico FP 2	Técnico especialista *
Auxiliar de clínica	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Celador	Celador
Ordenanza	Celador
Oficios varios	Peón

* Indicar a especialidade que corresponda entre as seguintes:

- Laboratorio de diagnose clínica.
- Anatomía patolóxica e citoloxía.
- Imaxe para a diagnose.
- Radioterapia.

Complexo Hospitalario Xeral-Calde.
Código: 2701.

Denominación	Categoría básica de homologación
Xefe sección provincial	Facultativo especialista de área
Posto base grupo B	Diplomado en enfermería
Posto base grupo C	Grupo administrativo
Auxiliar sanitario	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería

Complexo Hospitalario de Ourense.
Código: 3201.

Denominación	Categoría básica de homologación
Administrador	Grupo administrativo
Director de enfermería	Diplomado en enfermería
Posto base grupo B	Diplomado en enfermería
Posto base grupo C	Grupo administrativo
Posto base grupo D	Grupo auxiliar da función administrativa
Xefe servizo con CE	Facultativo especialista de área
Xefe sección con CE	Facultativo especialista de área
Xefe sección sen CE	Facultativo especialista de área
Facultativo xerarquizado medicina xeral	Facultativo especialista de área
Grupo técnico da función administrativa	Grupo técnico da función administrativa
Xefe sección administrativo	Grupo administrativo
Xefe grupo auxiliar administrativo	Grupo auxiliar da función administrativa
Celador atención directa ao enfermo	Celador
Celador sen atención directa ao enfermo	Celador
Fogueiro	Peón
Lavandeiro	Lavandeiro
Limpador	Limpador
Supervisor de área funcional	Diplomado en enfermería
Supervisor unidade	Diplomado en enfermería
ATS unidade hospital	Diplomado en enfermería
Auxiliar enfermería unidade hospitalización	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Facultativo xerarquizado medicina xeral con CE	Facultativo especialista de área
Asistente social COF	Traballador social
Xefe taller	Grupo administrativo
Xefe cociña	Cociñeiro
Encargado lavandaría	Grupo administrativo
Oficial 1ª electricista	Electricista
Animador sociocultural	Grupo administrativo

Denominación	Categoría básica de homologación
Auxiliar de clínica	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Auxiliar psiquiátrico	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Auxiliar de enfermería	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Cociñeiro oficial 2ª	Cociñeiro
Auxiliar de farmacia	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Cociñeiro	Cociñeiro
Operario	Celador
Operario	Pinche
Técnico especialista	Técnico especialista*
Axudante de cociña	Pinche
Costureiro	Costureiro
Pasador de ferro	Pasador de ferro
Cortador	Costureiro
Xardineiro-hortelán	Xardineiro
Ordenanza	Celador
Telefonista	Telefonista
Fregador	Pinche
Facultativo xerarquizado medicina xeral	Facultativo xerarquizado medicina xeral

* Indicar a especialidade que corresponda entre as seguintes:

- Laboratorio de diagnose clínica.
- Anatomía patolóxica e citoloxía.
- Imaxe para a diagnose.
- Radioterapia.

Complexo Hospitalario Universitario de Vigo. Código: 3601.

Denominación	Categoría básica de homologación
Posto base grupo A	Facultativo especialista de área
Posto base grupo B	Diplomado en enfermería
Costureiro Nicolás Peña	Costureiro
Técnico auxiliar Nicolás Peña	Técnico especialista*
Auxiliar especialista Nicolás Peña	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Auxiliar radioloxía Nicolás Peña	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Auxiliar Hospital Nicolás Peña	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Xefe unidade con dedicación plena	Enxeñeiro técnico
ATS	Diplomado en enfermería
Asistente social	Traballador social
Graduado social	Grupo de xestión da función administrativa
Administrativo	Grupo administrativo
Operador informático	Técnico especialista en sistemas da información
Xefe grupo	Grupo auxiliar da función administrativa
Auxiliar	Grupo auxiliar da función administrativa
Encargado persoal de oficio	Gobernante
Albanel	Albanel
Cociñeiro	Cociñeiro
Cociñeiro	Gobernante
Condutor	Condutor
Fontaneiro calefactor	Fontaneiro
Oficial cafetería	Gobernante
Oficial lavandero	Lavandería
Pintor	Pintor
Telefonista	Telefonista
Xardineiro varrendeiro	Xardineiro
Auxiliar psiquiatría	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería (en funcións saúde mental)
Ordenanza-porteiro	Celador
Axudante persoal-oficios	Pinche

Denominación	Categoría básica de homologación
Axudante persoal-oficios	Celador
Operario de persoal-oficios	Limpador
Operario de persoal-oficios	Pinche
Asistente social COF	Traballador social
Auxiliar de clínica	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Auxiliar de enfermería	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Adxunto xefe de servizo	Facultativo especialista de área
Auxiliar hospital	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Fontaneiro	Fontaneiro
Operario servizos varios	Limpador

Complexo Hospitalario de Pontevedra. Código: 3603.

Denominación	Categoría básica de homologación
Posto base grupo A	Persoal técnico superior. Psicólogo
Posto base grupo B	Diplomado en enfermería
Técnico administración xeral	Grupo técnico da función administrativa
Xefe clínico	Facultativo especialista de área
Xefe unidade con dedicación plena	Enxeñeiro técnico
ATS supervisores	Diplomado en enfermería
ATS	Diplomado en enfermería
Fisioterapeuta	Fisioterapeuta
Asistente social	Traballador social
Administrativo	Grupo administrativo
Técnico especialista	Técnico especialista
Xefe grupo	Grupo auxiliar da función administrativa
Auxiliar	Grupo auxiliar da función administrativa
Encargado persoal de oficio	Gobernante
Mestre persoal de oficios	Fontaneiro
Albanel	Albanel
Carpinteiro	Carpinteiro
Cociñeiro	Cociñeiro
Electricista	Electricista
Fontaneiro calefactor	Fontaneiro
Mecánico electricista	Electricista
Oficial costureiro	Costureiro
Oficial lavandero	Lavandero
Telefonista	Telefonista
Xardineiro varrendeiro	Xardineiro
Auxiliar enfermería	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Auxiliar psiquiatría	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería (en funcións saúde mental)
Oficial cerimonial	Grupo auxiliar da función administrativa
Ordenanza-porteiro	Celador
Axudante persoal-oficios	Celador
Operario de persoal-oficios	Pinche
Asistente social USM	Traballador social
Limpador	Limpador
Oficial	Lavandero
Axudante cociña	Pinche
Auxiliar administrativo	Grupo auxiliar da función administrativa
Oper. servizos varios	Peón
Ordenanza	Celador
ATS con complemento toxicidade	Diplomado en enfermería
ATS	Diplomado en enfermería
Auxiliar clínica	Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
Axudante sanitario	Celador

ANEXO II

Solicitude de integración no réxime estatutario do persoal funcionario e laboral (Orde do de 200..)

DATOS DO SOLICITANTE		Nome	
Apelidos			
DNI	Data de nacemento	Número de afiliación á Seguridade Social	
		CNP Código numérico persoal	
Dirección		CP	Localidade
			Teléfono

DATOS PROFESIONAIS

Posto de traballo (en propiedade):	Centro de xestión:		
Desempeño da xefatura:	Provisional <input type="checkbox"/>	Definitivo <input type="checkbox"/>	
Nomeamento:	Data:		
En situación de (1):	Activo <input type="checkbox"/>	Excedencia <input type="checkbox"/>	
	Excedencia especial <input type="checkbox"/>	Reserva de posto <input type="checkbox"/>	
Titulación académica (2)			
Data de expedición:			

(1) Síñálese cum (x) o que proceda

(2) Xuntar fotocopia compulsada

O solicitante abaixo asinante manifesta que son certos os datos que se fan constar na presente solicitude de integración no réxime estatutario na CATEGORÍA DE.....
de..... de 200..
 (Sinatura)

DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DO SERGAS

DILIXENCIA: para facer constar que son certos os datos que o solicitante expón na presente solicitude.

..... de de 200..

O director xerente do Hospital/Complexo Hospitalario

Orde do 14 de decembro de 2006 pola que se regula a integración na categoría de facultativo especialista de área de determinado persoal estatutario, licenciado sanitario especialista, do Servizo Galego de Saúde.

O Servizo Galego de Saúde, ao longo dos últimos anos, fundamentalmente en execución do Decreto 447/1996, do 26 de decembro (DOG nº 3, do 7 de xaneiro de 1997), tramitou sucesivos procesos de integración no réxime estatutario de determinados colectivos de persoal funcionario e laboral.

No que se refire ao persoal con vínculo de fixeza, a medida consistiu nunha oferta de integración na categoría estatutaria correspondente ás características da praza de orixe. Nestes procesos, determinado persoal facultativo de atención especializada, que

aceptou mudar en estatutario o seu inicial vínculo laboral ou funcional, non puido acadar a condición de facultativo especialista de área por non acreditar nese momento o título de especialista, resultando por tal motivo integrado como facultativo xerarquizado de medicina xeral.

A Orde do 21 de abril de 2005 (DOG nº 91, do 12 de maio), pola que se realizou unha segunda oferta de integración, habilitou que determinados facultativos que rexeitaron anteriores ofertas de integración, e que tampouco acreditaban inicialmente o título de especialista, accederan á categoría de facultativo especialista de área por ter acadado o dito título, nos últimos anos, en virtude das vías excepcionais reguladas na normativa de especialidades sanitarias.

Así pois, neste momento constátase que determinados facultativos que aceptaron a primeira oferta